

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE MAIO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:00 horas do día 9 de maio de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de maio (orde do día ampliado o 8 de maio), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D^a. María del Pilar Carneiro Miniño (asiste aos puntos 8a e 9a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2a, 4a e 11a)
D. Fernando Carballo Villar (asiste ao punto 11b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Aprobación da acta do 5 de maio de 2017 (sesión das 09:15h)

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa "VIGO EMPREGA" (18.570-332) (emenda de documentación)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de abril de 2017 se outorgou un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que puidesen emendar a declaración responsable:

1. FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 4, 5, 6 e 7)
2. ICOGA, S.L. (non indica os lotes aos que se presenta)
3. TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (non indica os lotes aos que se presenta)

Todos os anteriores licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación pola Mesa, esta acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
- FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 4, 5, 6 e 7)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:05	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE47-C3D622-D38BB9-MZEGQW-LUNU53-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- ICOGA, S.L. (lote 5)
- TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1, 2, 3, 5 e 7)

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	% baixa proporcional única a aplicar a cada un dos prezos unitarios						
	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	LOTE 6	LOTE 7
GARCI VENTA, S.L.	5%	1%	0,10%	-	4%	1,20%	0,30%
FERNANDO ALONSO, S.L.	15%	10%	-	10%	5%	10%	10%
ICOGA, S.L.	-	-	-	-	35%	-	-
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	10%	15%	10%	-	5%	-	5%

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola xefa de Xuventude o 5 de maio de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, así como informe que rectifica o anterior de data 8 de maio de 2017.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:05	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE47-C3D622-D38BB9-MZEGQW-LUNU53-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa de Xuventude o 8 de maio de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” e acorda:

➤ Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336), polos seguintes motivos:

1. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. (lote 4) e ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (lote 3) por non acadar a puntuación mínima de 20 puntos na valoración do criterio avaliable mediante xuízo de valor (apartado 8A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares).
2. BABADIVA, S.L. (lote 6), pola incorporación ao sobre B “*dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8.B da FEC*”, tal e como prevé o apartado 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:05	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE47-C3D622-D38BB9-MZEGQW-LUNU53-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Licitador		Puntuación
1	NEWLINK EDUCATION, S.L.	94,50

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEWLINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.037,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEWLINK EDUCATION, S.L., o día 20 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 3 de maio, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación, na sesión do 9 de maio de 2017, revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEWLINK EDUCATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:05	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE47-C3D622-D38BB9-MZEGQW-LUNU53-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEWLINK EDUCATION, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 de marzo e 5 de abril de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEWLINK EDUCATION, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 195.663,00 euros (exento de IVE), sendo o prezo unitario por alumno de 2.249 euros (alumnos iniciais 87).*
- b) *Propón un incremento de 10 alumnos a maiores dos 87 contemplados no punto 4.1 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas.*
- c) *Propón un incremento de 0 monitores/as por riba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas*
- d) *Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) de 100 (%).*
- e) *Propón un incremento de 3 coberturas do seguro de responsabilidade civil e accidentes a maiores das requiridas como coberturas obrigatorias no punto 4.8 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas.*
 1. *Seguro de responsabilidade civil de 1.000.000 euros*
 2. *Gastos por fisioterapia o quiroprática*
 3. *Gastos odontolóxicos urxentes por accidente*
- f) *Comprométese a achegar as seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa:*
 1. *Propón un incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas.*
 2. *Propón unha redución de 5 alumnos de ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:05	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE47-C3D622-D38BB9-MZEGQW-LUNU53-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que con data do 21 de abril de 2017 se notificou á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A. o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión do 20 de abril de 2017. Dentro do prazo concedido, o 8 de maio de 2017, a UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A. presentou diversa documentación. Tras a súa cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días hábiles para que poida emendar a referida documentación:

1. A póliza esixida no apartado 14.A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), co recibo de pagamento correspondente.
2. Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 deste prego (cláusula 21 do PCAP).
3. Deberán completar a garantía definitiva. Segundo se indica no apartado 10 do Anexo I -FEC- do PCAP, será do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE, polo tanto, 14.785 euros.
4. Consta acreditada a capacidade de obrar, a representación, non estar incurso en prohibición de contratar, así como a personalidade xurídica e a solvencia da empresa SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A., xa que durante o prazo de presentación de ofertas se presentou no sobre A o certificado do ROLECE referido a esta empresa, e na declaración responsable achegada coa documentación do 8 de maio de 2017 consta que esa documentación non presentou variación. Non sucede o mesmo con LOOMIS, S.A. Dado que ambas empresas deben acreditar os requisitos esixidos na cláusula 8 do PCAP:
 - No suposto de que LOOMIS, S.A. posúa clasificación (calquera clasificación como empresa de servizos), poderá presentar o certificado do rexistro correspondente (para os efectos de acreditar a súa capacidade de obrar, representación, non estar incurso en prohibición de contratar, así como a súa personalidade xurídica e solvencia) xunto cunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.
 - No suposto de non estar clasificada como empresa de servizos, deberá presentar a seguinte documentación, referida a LOOMIS, S.A.:
 - Declaración responsable onde conste que posúe capacidade para contratar (artigos 54 e 72 do TRLCSP) e non está incurso en prohibición para contratar (artigo 60 do TRLCSP). Esta declaración poderá substituírse por unha declaración responsable conforme ao modelo do Anexo II do PCAP (referida a LOOMIS, S.A. e non a "SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. UTE").
 - Documentos acreditativos da personalidade xurídica e acreditación da solvencia (económica e técnica), segundo se indica na cláusula 8 do PCAP. Dado que SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. posúe a clasificación M-2-5, superior á prevista no apartado 6A do Anexo I -FEC- do PCAP, será suficiente que LOOMIS, S.A. acredite un mínimo de solvencia económica e técnica (Resolución 1069/2016 do 22 de decembro de 2016 e Resolución 117/2012, do 23 de maio de 2012, ambas do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), sen necesidade de que alcance os importes esixidos no PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 23:05	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE47-C3D622-D38BB9-MZEGQW-LUNU53-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

